



PREGO TÉCNICO

Artigo 10.2.c) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ASIGNACIÓN DE CONCERTO SOCIAL PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE ACOLLEMENTO RESIDENCIAL E DE ATENCIÓN DE DÍA INTEGRAL EN UNIDADES DE CONVIVENCIA, DIRIXIDOS A NENOS, NENAS E ADOLESCENTES CON MEDIDA DE PROTECCIÓN (144 PRAZAS). Código de procedemento BS213Z.

1. OBXECTO DO CONCERTO

O obxecto do concerto é a prestación do servizo consistente na execución de programas de intervención en réxime de acollemento residencial e de atención de día en unidades de convivencia, dirixidos a nenos, nenas e adolescentes (en adiante, NNA) con medida de protección en centros de menores.

De acordo co disposto no artigo 37 da lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, poderán ser tamén persoas beneficiarias do programa de acollemento residencial, as persoas maiores de idade cando fosen obxecto dunha medida de protección antes de acadar a condición referida e nos supostos expresamente previsto no ordenamento xurídico.

Tamén poderán ser persoas destinatarias do programa de acollemento residencial as persoas que cumpran unha medida de convivencia con familia ou grupo educativo, imposta ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

No marco deste prego, entenderase como persoas destinatarias do servizo a totalidade das persoas sinaladas nos parágrafos anteriores.

Enténdese por acollemento residencial a forma de exercicio da garda dun NNA que consiste na súa estancia nun centro coa finalidade de garantir a adecuada atención aos NNA no conxunto das súas necesidades básicas (físicas, afectivas, de seguridade, emocionais, educativas e sociais), potenciando experiencias de aprendizaxe e o acceso aos recursos sociais nas mesmas condicións que calquera outra persoa da súa idade. Como forma de exercicio da garda, comporta para quen a exerce as obrigas de velar, ter na súa compañía, alimentar, educar e procurar unha formación integral ao NNA acollido.

Enténdese por acollemento residencial en réxime de atención de día aquel que executa principalmente a medida de apoio á familia ou calquera outra a través das que se dá cobertura ás necesidades do NNA e se promove a mellora do seu medio familiar co fin de preservar a convivencia e evitar a súa separación, ou como paso previo á súa desinstitucionalización.

O acollemento residencial debe ser consecuencia dun proceso de toma de decisións no que exista unha avaliación rigorosa plasmada nun Plan Individualizado de Protección (en adiante, PIP) cunha finalidade claramente establecida. Esta finalidade pode ser a preservación familiar (no caso da atención de día), a separación provisional e a reunificación, a separación permanente, como paso previo ao acollemento familiar e /ou a adopción e a independencia e a autonomía.

En calquera caso, tanto o acollemento residencial como a atención de día deben planificar unha intervención socioeducativa capaz de cubrir as necesidades particulares de cada NNA do xeito máis rápido e efectivo posible.

Enténdese por recursos con varias unidades de convivencia aqueles centros con fogares distribuídos en





unidades de convivencia que permitan a adecuación dos espazos e ritmos de vida autónoma dentro da organización xeral. Estas unidades terán capacidade máxima por cada unidade de convivencia de 10 prazas, aínda que o recomendable sería 8 prazas como máximo. A organización e funcionamento deste recurso pretende asimilarse o máximo posible a un clima familiar, un trato personalizado e promovendo un entorno de seguridade, protección e afecto.

Os requisitos específicos son os contemplados no artigo 13 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

2. CONTIDO DO SERVIZO

A intervención que levará a cabo a entidade adxudicataria cos NNA destinatarios do servizo abranguerá o coidado e atención persoal, educativa, formativa, laboral, familiar e social, que permitan o desenvolvemento integral da súa personalidade e a súa educación, procurándolle un medio socializador que permita o seu desenvolvemento persoal, físico e social, á vez que se intervéen para a mellora do ambiente familiar.

DEREITOS DOS NNA

Os NNA residentes nos centros con fogares gozarán de todos os dereitos recollidos no ordenamento xurídico; entre eles, os recoñecidos na Convención Internacional sobre os dereitos do neno e na Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade. En particular recoñécense os seguintes dereitos:

- Dereito a unha atención integral
- Dereito á confidencialidade
- Dereito a unha atención individualizada e personalizada
- Dereito á intimidade
- Dereito ás relacións persoais
- Dereito á información e á participación.

En todos os programas desenvolvidos nos centros con fogares, a participación dos NNA será un dos grandes obxectivos educativos, tendo como resultado experiencias reais de implicación persoal en función da idade e capacidade de cada un deles sobre cuestións cotiás que lles afecten.

Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais que deben garantirse no acollemento residencial en centros con fogares son os seguintes:

- Garantir os dereitos dos NNA contemplados nas diferentes lexislacións vixentes.
- Acolloer, coidar e educar aos NNA residentes no centro coa finalidade de favorecer a súa integración familiar e social.
- Garantir unha protección individualizada, acorde coas súas necesidades e finalidade protectoras.



- Garantir un trato igualitario e inclusivo sen distinción nin discriminación respecto á súa educación, saúde e integridade sociocultural.
- Garantir a axeitada asistencia sanitaria e de saúde mental, asegurando a educación para a saúde, os controis periódicos obrigatorios, así como a cobertura dos diferentes tratamentos que os NNA precisen.
- Garantir que todos os NNA sexan escoitados e que poidan participar na toma de decisións cotiás do centro.
- Proporcionar unha contorna segura, protectora e educativa e na que se ofrezca un apoio persoal individualizado a cada NNA.
- Traballar cos NNA e as súas familias nas melloras de competencias parentais e a comunicación entre os seus membros para que sexa posible a reintegración familiar no caso de acollemento residencial.
- Promover a formación en valores, orientada a un comportamento prosocial.
- Promover a inclusión dos NNA nos itinerarios formativos, sociais e laborais na súa contorna sociocomunitaria máis próxima.
- Cando os NNA cumpran 16 anos, aplicaranse programas individualizados de preparación para a vida independente, que fomenten a súa autonomía persoal.
- Dispoñer dos medios necesarios para que as barreiras lingüísticas, culturais e aquelas relacionadas coa discapacidade non supoñan un impedimento para acadar os seus obxectivos protectores.
- Garantir a atención conxunta nun mesmo recurso de grupos de irmáns, sempre que o seu interese non aconselle o contrario.

Obxectivos específicos

- Atender aos NNA nas súas necesidades cotiás de saúde, alimentación, vestido, hixiene e educativas, ademais dos coidados especiais que requiran, con especial énfase nas necesidades afectivas e emocionais; ofrecendo experiencias reconfortantes, de bo trato e da reparación da confianza nos adultos.
- Garantir un tratamento individualizado de contido educativo, que terá como obxectivo prioritario á súa protección, educación e formación.
- Facilitar a atención psicolóxica daqueles NNA que o precisen tanto a través do Sistema Público de Saúde, dos concertos que a Xunta de Galicia ten destinados para ese como de profesionais do ámbito privado.
- Comprender, xestionar e dar resposta ás dinámicas relacionais dos NNA cos distintos axentes que interveñen no seu PIP: familias, profesionais dos centros con fogares e Equipo Técnico do Menor (en adiante, ETM).
- Coordinación periódica entre o equipo educativo dos centros e os ETM dos distintos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, así como cos demais profesionais dos servizos sociais comunitarios e especializados.
- Escoitar aos NNA para comprender a súa realidade dende unha intervención individualizada.



Asegurarse, sempre que sexa posible, que os NNA entenden os obxectivos de intervención propostos e que participan no proceso.

- Garantir a recepción de información de xeito comprensible para a súa idade acerca dos seus dereitos, a situación persoal e as medidas adoptadas en interese da súa protección.
- Asegurarse de que os NNA participen necesariamente en todas as actividades establecidas no programa socioeducativo do centro, así como deseñar programas específicos individuais, que permitan a consecución dos obxectivos educativos e integradores do desenvolvemento da personalidade e da aprendizaxe.
- Promover nos NNA un modo de vida autónomo e integrado na súa contorna sociocomunitaria, proporcionándolles habilidades, destrezas e contextos normalizadores.
- Detección temperá de dificultades que poidan obstaculizar o axeitado desenvolvemento do NNA e a súa progresiva autonomía.
- Respetar as súas crenzas, a súa identidade cultural e sexual, a súa relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Establecemento de programas específicos de preparación para a emancipación e tránsito á vida independente.

O servizo de acollemento residencial en aras da consecución dos obxectivos anteriormente expostos concrétese en dous niveis de atención, residencial e socioeducativa, e deberán contemplar as seguintes prestacións:

1. ATENCIÓN RESIDENCIAL: aloxamento, manutención, vestiario e hixiene, atención persoal e atención á saúde, atención escolar, traslados e xestión de trámites e documentos persoais, entre outros.

1.1. ALOXAMENTO.

O réxime de acollemento residencial prestarase durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións, en horario de 24 horas continuadas.

O réxime de atención de día prestarase durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións, en horario de atención mínimo de 8 da mañá a 8 da tarde.

Dotarase aos NNA dunha habitación, onde disporán dun espazo persoal para as súas pertenzas, así como dos útiles necesarios de uso persoal. No caso de ser compartida, o número de persoas usuarias non será superior a dúas. Atenderase ás características específicas de cada caso e ás situacións de especial vulnerabilidade á hora de asignar habitación respectando en todo momento a intimidade, o desenvolvemento individual e a cohesión entre grupos de irmáns.

As estancias e o equipamento existente nelas deberá manterse en axeitado estado de limpeza e conservación que garantan o seu uso en condicións de seguridade, salubridade e comodidade.

O fogar non presentará imaxes institucionalizadoras innecesarias nin motivos relixiosos.

Deberá proporcionárselle aos NNA os medios materiais necesarios para levar a cabo as actividades básicas da vida diaria (lencería de fogar, útiles de aseo e hixiene, etc.).



1.2. MANUTENCIÓN

Deberá subministrárselles aos NNA unha pensión alimenticia completa e variada que estará composta por: almorzo, almorzo de media mañá para levar ao centro escolar, comida, merenda e cea.

Os menús serán supervisados por un/ha facultativo/a, debéndose garantir o adecuado equilibrio nutricional acorde coas circunstancias persoais e da súa idade.

Deberá atenderse ás especificidades de alimentación de aquelas persoas con necesidades especiais (derivadas de alerxias ou intolerancias, de circunstancias de saúde, de imperativos culturais, relixiosos, etc.).

1.3. VESTIDO E HIXIENE.

A entidade adxudicataria deberá proporcionarlles aos NNA o vestido e calzado que precise. Cada NNA disporá como mínimo de cinco mudas de roupa e tres pares de calzado, así como roupa interior e accesorios suficientes, axeitados á súa idade, ás condicións atmosféricas e ás actividades nas que participe; en condicións de limpeza e hixiene e que preserven a dignidade da persoa en todo momento.

1.4. ATENCIÓN PERSOAL

Prestaráselles aos NNA, en función da súa idade e capacidade, axuda parcial ou total para a realización das actividades básicas da vida diaria, é dicir, aquelas destinadas á satisfacción das necesidades vinculadas ao coidado persoal (descanso, vestido, aseo persoal, mobilidade, locomoción e alimentación). O desenvolvemento desta prestación incluírá o adestramento nas habilidades necesarias para realizalas, fomentando o máximo grado posible de independencia e autonomía persoal, de modo progresivo e en función da súa idade.

1.5. ATENCIÓN Á SAÚDE

O persoal do centro levará a cabo a observación do NNA para obter a información precisa sobre as características xerais relacionadas coa súa saúde, ademais de promover a detección temprana de posibles dificultades sanitarias.

A través do Servizo Galego de Saúde desenvolveranse as actuacións de medicina preventiva e asistencial que lle puideran corresponder ao NNA. Así mesmo prestaráselle avaliación e tratamento psicolóxico e psiquiátrico, de ser preciso e sempre en función do seu PIP.

As persoas menores de idade, así como as maiores se así o solicitan, deberán ser acompañados por un/ha profesional do centro ou da entidade (preferentemente o/a seu/ súa educador/a de referencia) aos servizos de asistencia sanitaria, tanto en caso de urxente necesidade, como a aqueles concertados previa cita.

Prestaráselle asistencia e supervisión aos NNA na subministración da medicación de acordo á prescrición médica, a súa idade e ás instrucións establecidas. En todo caso, cada centro disporá dunha botica, que deberá ser revisada periodicamente co fin de detectar a necesidade de renovar medicamentos caducados e/ou material deteriorado. Esta supervisión corresponderá á persoa responsable que nese momento manexe os medicamentos. A botica deberá estar fóra do alcance dos NNA e baixo chave.

Correspóndelle á entidade adxudicataria xestionar o traslado aos centros sanitarios cando o NNA precise atención hospitalaria, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a súa atención e coidado





durante os períodos nos que permaneza hospitalizado/a. En situación de garda administrativa compartírase a responsabilidade de atención á saúde, se se estima conveniente, coas persoas titulares da patria potestade.

1.6. ATENCIÓN ESCOLAR

A entidade adxudicataria deberá realizar as xestións necesarias para a escolarización efectiva dos NNA, tanto na etapa de educación obrigatoria como nas etapas posteriores, atendendo ás capacidades, motivacións aos seus intereses.

Esta obriga comprende a dotación do material necesario, sen prexuízo da posibilidade de acceso ás axudas para a adquisición de libros, que de ser o caso se establezan.

Así mesmo é obriga da entidade proporcionarlle ao NNA o seguimento e apoio nas tarefas escolares e educativas que realicen e, se é o caso, reforzo escolar externo, así como a atención ás súas Necesidades Específicas de Apoio Educativo e atención á diversidade.

1.7. TRASLADOS

A entidade adxudicataria garantirá a través de medios propios ou mediante a utilización de medios públicos de transporte, o axeitado desprazamento dos NNA ao domicilio familiar, ao centro educativo, centro de formación ou de traballo, aos centros sanitarios, á sede de órganos administrativos ou xudiciais e a cantas actividades deba realizar fóra do centro. Así mesmo, garantirá o acompañamento do NNA por parte de profesionais responsables, cando as características individuais daquela así o fagan preciso.

1.8. XESTIÓN DE TRÁMITES E DOCUMENTOS PERSOAIS

A entidade adxudicataria deberá garantir a realización daquelas xestións de carácter administrativo precisas para a obtención da documentación persoal do NNA, a documentación sanitaria, escolar, laboral, entre outros, necesaria para o cumprimento de obrigas legais e xudiciais, así como para o acceso aos servizos e prestacións ás que teña dereito.

2. INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA

O equipo educativo do centro prestaralles aos NNA unha intervención socioeducativa personalizada de acordo cos obxectivos recollidos no Plan Individualizado de Protección (en adiante, PIP) do NNA.

A intervención abordarase dunha forma integral, abarcando as seguintes áreas de desenvolvemento persoal e de integración social e laboral, incorporando a perspectiva de xénero e abranguerá:

- A valoración inicial, co obxecto de identificar as necesidades individuais dos NNA, establecer os obxectivos da intervención e determinar os medios máis axeitados para acadalos.
- O deseño, execución, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo Individualizado (en adiante, PEI).
- A preparación do NNA para que asuma a súa realidade familiar e comprenda o obxecto da súa estancia no centro, favorecendo a súa integración nel.



- A estimulación e o apoio ao desenvolvemento das súas capacidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais de acordo ao seu ciclo evolutivo, así como o apoio emocional.
- O desenvolvemento escolar e formativo. A entidade proporcionarlle ao NNA o seguimento e apoio nas tarefas escolares e educativas que realicen e, se é o caso, reforzo escolar, tanto ofrecido polo sistema público educativo como externo. Favorecerase o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) dende un punto de vista educativo seguro e segundo a idade das persoas menores. No caso de NNA estranxeiros/as, potenciarase a aprendizaxe dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Considérase imprescindible a axeitada coordinación entre o centro residencial e o centro educativo.
- Inclusión sociolaboral, onde se desenvolvan actividades e competencias de aprendizaxe prelaboral e laboral, así como acompañamento na busca de emprego. Propiciarase a participación dos/as adolescentes con 16 anos cumpridos, cuxo PIP considere pertinente, en procesos e programas de inclusión socio-laboral, ben favorecendo a súa participación en programas específicos con esta finalidade, ou ben, cando isto non sexa posible ou o ETM non o considere adecuado, orientándoos a actividades formativas de tipo ocupacional ou prelaboral e proporcionándolles formación en habilidades básicas que favorezan a súa integración en ámbitos académicos e/ou laborais.
- Autonomía e preparación para a vida independente desde os 16 anos.
- A formación e adestramento en habilidades, competencias e destrezas persoais e sociais que favorezan as relacións interpersoais nos diferentes espazos de convivencia. Neste sentido, as áreas a traballar serían a comunicación e a asertividade, o control emocional, a autoestima, resolución pacífica de conflitos, planificación e organización do tempo, a toma de decisións e o pensamento crítico, entre outros. Todas estas competencias estarán orientadas a un comportamento prosocial.
- A promoción da autonomía persoal progresiva, potenciando a participación nas cuestións que lle atinxan, a asunción de responsabilidades e o desempeño eficaz en contextos grupais e sociais.
- O apoio psicosocial, con atención aos conflitos psicolóxicos dos NNA que interfiran a estruturación da súa personalidade, o seu proceso madurativo ou a súa capacidade de socialización.
- A educación en valores, en particular a educación para a igualdade, a tolerancia e o respecto á diversidade.
- A educación para a saúde, incluíndo a prevención de consumos e condutas de risco.
- A educación afectivo-sexual, que axude ao NNA á construción da súa identidade sexual, eduque no respecto pola diversidade e promova a convivencia sa e positiva entre os sexos, así como as relacións interpersoais responsables afectivamente e saudables.
- Actividades de lecer e tempo libre. O equipo educativo planificará e fomentará actividades de carácter lúdico, cultural e deportivo desde unha perspectiva educativa, que favorezan o desenvolvemento persoal e social dos NNA, propiciando a súa participación e a socialización en ambientes normalizados.
- A intervención coa familia do NNA segundo o PIP co fin de proporcionarlle pautas de crianza e de atención adecuada aos NNA adaptadas a cada situación concreta, así como de promover e optimizar todos os recursos protectores da familia, xerando os cambios precisos para que esta poida garantir o seu desenvolvemento integral e a cobertura das súas necesidades nun contexto seguro.



- O apoio á familia de orixe ou, se é o caso, a familia acolledora ou adoptiva, dirixido a propiciar o desenvolvemento de relacións materno/paterno filiais axeitadas e o fortalecemento dos vínculos familiares positivos. En particular, favoreceranse os contactos familiares, nas condicións establecidas na medida de protección adoptada polo Departamento Territorial correspondente.
- A promoción de experiencias de aprendizaxe, de formación e de acceso aos recursos comunitarios.
- O seguimento evolutivo do NNA e das súas circunstancias persoais, familiares e sociais, co obxecto de actualizar e modificar periodicamente os obxectivos da intervención ou, se é o caso, propoñer a finalización desta.
- A preparación axeitada ao NNA para a súa saída do centro e a asunción da súa nova situación, ben sexa polo regreso á súa unidade familiar, pola integración nunha familia distinta, pola súa emancipación ou polo seu traslado a outro centro.

O equipo educativo terá previstas respostas consistentes para intervir ante posibles crises baseadas en entender estas como oportunidades de cambio, manexando modelos de resolución de problemas e de intervención.

3. MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

3.1. Medios materiais

3.1.1. Centros

Para prestar o servizo a entidade adxudicataria disporá dun ou varios recursos residenciais residenciais e de atención de día, coa capacidade de aloxamento e coas instalacións precisas para desenvolver as prestacións correspondentes ás prazas adxudicadas.

Os centros deberán cumprir as condicións e requisitos establecidos na normativa vixente que regula os centros de menores no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Os centros deberán contar coa autorización de inicio de actividades prevista no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Os centros deberán estar dotados de todos os elementos necesarios para atender adecuadamente aos NNA. Deberán dispoñer de mobiliario, utensilios, aparatos e afeños apropiados para a vida diaria e que garantan a seguridade e benestar dos NNA residentes. As habitacións estarán acondicionadas para poder dar resposta ás diferentes circunstancias e idades.

A empresa ou entidade adxudicataria deberá manter as instalacións e edificios nas condicións de hixiene, ambientais e de seguridade precisas, conforme ás disposicións legais vixentes.

Tipoloxía dos centros e das prazas

Os centros que se acheguen para executar o servizo en réxime de acollemento residencial ou de atención de día deberán corresponder, segundo o indicado para cada lote, á tipoloxía de centros con fogares, reguladas no artigo 13 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

A prestación do servizo en réxime de atención de día levarase a cabo en unidades de atención de día



integradas nos ditos centros residenciais, de conformidade co disposto no artigo 19 do citado decreto.

Segundo a súa tipoloxía, as prazas que se licitan poden ser:

- Prazas residenciais: as destinadas a prestar o servizo de acollemento residencial en réxime de internamento aos NNA, ou maiores de idade segundo o establecido no punto primeiro (obxecto do concerto) deste prego.
- Prazas de atención: as destinadas a prestar o servizo de atención de día integral a NNA de entre 0 e 17 anos, ambas inclusive. En casos excepcionais poderán ser obxecto tamén maiores de idade segundo o establecido no punto primeiro (obxecto do concerto) deste prego.

3.1.2. Outros recursos materiais

Os medios materiais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria.

A entidade adxudicataria contará polo menos cun equipo informático en cada unidade de convivencia para a súa utilización por parte de cada un dos/as profesionais dos centros nos que desenvolva o servizo, e cun equipo adicional por cada 8 prazas ofertadas ou fracción. Todos eles deberán dispoñer de conexión a internet, se ben os que vaian ser empregados polos NNA, deberán contar coas medidas de control parental que impidan o acceso a contidos inadecuados para a súa idade.

Contará así mesmo coas aplicacións informáticas suficientes para axilizar a elaboración de informes, programacións e memorias e garantir o funcionamento áxil e coordinado con outros profesionais.

A entidade adxudicataria asumirá todos os gastos que orixine a atención integral dos NNA nos termos establecidos neste prego.

Non obstante, os gastos extraordinarios que excedan das obrigas que corresponden aos responsables da garda dos NNA poderán ser asumidos polo órgano competente en materia de protección á infancia e á adolescencia, atendendo á medida de protección de que se trate e ás circulares e instrucións internas deste órgano, logo da solicitude por parte do centro e de conformidade coas instrucións ditadas para este efecto.

Enténdese por gastos extraordinarios aqueles gastos para tratamentos especiais dos NNA que sexan basicamente necesarios para o seu desenvolvemento integral e que non estean contemplados pola cobertura do sistema sanitario público, por ningún dos programas específicos de atención xestionados polo sistema de protección á infancia e á adolescencia, nin poidan ser cubertos por outras vías normalizadas (subvencións, servizos públicos ou de asistencia gratuíta, etc.).

A título orientativo, e en todo caso atendendo ás circulares e instrucións internas do órgano competente en materia de protección á infancia e á adolescencia, enténdense incluídos os gastos debidamente xustificadas de carácter médico, terapéutico, protésico, de atención odontolóxica, así como os de viaxes e os de xestión, asesoramento ou representación legal ou de acompañamento hospitalario; exclúese a adquisición de libros, material escolar ou informático e o apoio extraescolar.

Con carácter xeral, entenderase que non son gastos extraordinarios, e polo tanto deben ser atendidos dentro das obrigas xerais que lle corresponden ao centro, os gastos de contía inferior a 60 euros.

A entidade adxudicataria proporcionaralle aos NNA unha asignación económica para gastos de peto, axeitada á súa idade e características persoais e cunha función educativa, que en ningún momento pode ser retirada como consecuencia dunha medida correctiva.



3.2. Medios persoais

3.2.1. Persoal mínimo esixido para a prestación do servizo

O persoal mínimo que se establece para prestar o servizo, en consonancia co establecido no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia é o seguinte:

a) Acollemento residencial:

- 1 director/a. Esta función poderá recaer nunha persoa nomeada pola empresa/entidade adxudicataria e deberá ter unha titulación universitaria de educación social, psicoloxía, pedagogía ou calquera outra titulación dentro das áreas das ciencias xurídicas ou sociais. En calquera caso, estarase ao disposto no correspondente ao convenio colectivo para este tipo de postos. Se intervéen exclusivamente como director/a, poderá ser compartido con outro/s centro/s xestionados pola mesma entidade. Esta persoa terá xornada completa e dispoñibilidade horaria para atender calquera eventualidade que puidera xurdir e que requira da súa intervención ou das súas indicacións ao persoal do servizo.

- persoal educador social: As entidades deberán pór á disposición do servizo o persoal necesario para atender aos NNA de acordo, cando menos, co estipulado no Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Ademais, para garantir que as persoas usuarias reciban unha atención de calidade, as entidades deberán ofertar, cando menos, as seguintes horas de persoal educador social cada ano por cada un dos lotes:

LOTES	PERSOAL	TOTAL HORAS ANUAIS
Lote 1	Educadores/as	22.192,00
Lote 2	Educadores/as	35.507,20
Lote 3	Educadores/as	22.192,00
Lote 4	Educadores/as	38.836,00

Estas horas están calculadas para que a proporción de persoal educador social se corresponda cunha persoa traballadora por cada seis persoas usuarias nas unidades de convivencia en réxime de acollemento residencial, naquelas horas que os NNA están no centro. Esta proporción cumpre a dotación mínima establecida no dito Decreto 329/2005.

Ademais, a estimación horaria establecida no parágrafo anterior é suficiente para que a entidade adxudicataria atenda debidamente as necesarias substitucións de persoal en caso de baixa, vacacións, licenzas, etc., debendo garantir en todo caso a proporción establecida.

- Persoal na quenda de noite. As horas establecidas no cadro referido ao persoal educador tamén contemplan a cobertura das quendas de noite, se ben neste caso, de acordo co Decreto 329/2005, a categoría do persoal pode ser distinta á de persoal educador.

LOTES	PERSOAL	TOTAL HORAS ANUAIS
Lote 1	Técnico/a do subgrupo 1.B do V Convenio colectivo con titulación de Grao universitario vinculado ao desenvolvemento de labores profesionais no ámbito socioeducativo (noite)	11.096,00
	Aux. Técnicos Educativos (noite)	1.664,40
Lote 2	Técnico/a do subgrupo 1.B do V Convenio colectivo con titulación de	17.753,60



LOTES	PERSOAL	TOTAL HORAS ANUAIS
	Grao universitario vinculado ao desenvolvemento de labores profesionais no ámbito socioeducativo (noite)	
	Aux. Técnicos Educativos (noite)	2.663,04
Lote 3	Técnico/a do subgrupo 1.B do V Convenio colectivo con titulación de Grao universitario vinculado ao desenvolvemento de labores profesionais no ámbito socioeducativo (noite)	11.096,00
	Aux. Técnicos Educativos (noite)	1.664,40
Lote 4	Técnico/a do subgrupo 1.B do V Convenio colectivo con titulación de Grao universitario vinculado ao desenvolvemento de labores profesionais no ámbito socioeducativo (noite)	19.418,00
	Aux. Técnicos Educativos (noite)	2.912,70

b) Unidades de atención de día integradas en centros residenciais de menores:

- Persoal educador social. As entidades deberán pór á disposición do servizo o persoal necesario para atender os nenos, nenas e adolescentes de acordo co estipulado no Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Ademais, para garantir que as persoas usuarias reciban unha atención de calidade, as entidades deberán garantir, cando menos, as seguintes horas de persoal educador social cada ano por cada un dos lotes:

LOTES	PERSOAL	TOTAL HORAS ANUAIS
Lote 1	Educadores/as	7.580,00
Lote 2	Educadores/as	11.370,00
Lote 3	Educadores/as	7.580,00
Lote 4	Educadores/as	1.516,00

Sen prexuízo da antedita estimación horaria, a entidade adxudicataria deberá atender debidamente as necesarias substitucións de persoal en caso de baixa, vacacións, licenzas, etc., debendo garantir en todo caso a rateo establecida no Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

A organización das quendas do persoal dos centros establecerase en función da presenza e das necesidades dos NNA atendidos/as no centro, mediante un sistema de quendas rotativas, de xeito que todos/as os/as profesionais poderán alternarse nas diferentes quendas (mañá, tarde e noite). En todo caso, deberá cumprirse como mínimo co establecido no artigo 13 do Decreto 329/2005.

c) Outro persoal

- Persoal auxiliar administrativo, de cociña e limpeza. As entidades deberán pór á disposición do servizo o persoal necesario para atender os nenos, nenas e adolescentes para garantir que as persoas usuarias reciban unha atención de calidade, o estudo de custos recolle os gastos estimados necesarios deste tipo de persoal para proporcionar esta atención.

3.2.2. Características e funcións do persoal

A. Dirección do centro:

A dirección do centro recaerá nunha persoa nomeada pola empresa/entidade adxudicataria e deberá ter unha titulación universitaria de educación social, psicoloxía, pedagogía ou calquera outra titulación



dentro das áreas das ciencias xurídicas ou sociais. En calquera caso, estarase ao disposto no correspondente ao convenio colectivo para este tipo de postos.

As súas funcións, entre outras, serán as de:

1. Exercer a garda dos NNA acollidos no centro, cumprindo as instrucións, directrices e resolucións que o órgano xestor do concerto dite ao respecto.
2. Dirixir e coordinar os servizos e programas de actuación do centro e supervisar as tarefas do persoal vinculado ao servizo.
3. Planificar e supervisar a intervención educativa, de acordo co proxecto educativo do centro.
4. Asegurar o cumprimento da normativa vixente, das directrices e instrucións do Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade e da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e das normas de funcionamento interno do centro.
5. Velar polo cumprimento dos dereitos das persoas usuarias e dos seus proxectos educativos individuais.
6. Informar aos NNA e ás súas familias de forma comprensible e axeitada á súa idade e circunstancias, acerca do funcionamento do centro e dos seus dereitos e deberes.
7. Garantir o adecuado tratamento das suxestións, peticións, parabéns e reclamacións formuladas polas persoas usuarias do centro ou das súas familias.
8. Xestionar adecuadamente, en representación da empresa/entidade titular do centro, tanto os recursos económicos como os de persoal, co fin de proporcionar unha axeitada atención aos NNA.
9. Establecer e manter canles de colaboración con outras entidades e organismos, perseguindo a optimización de recursos da contorna e a calidade da intervención.
10. Establecer a necesaria coordinación co ETM do menor e, se é o caso, cos equipos e profesionais que xestionen outros programas nos que estea incluída o NNA, para garantir a mellora da intervención.
11. Garantir a axeitada elaboración de toda a documentación pertinente e a súa remisión aos responsables dos distintos departamentos competentes na área de protección á infancia e á adolescencia da Xunta de Galicia.
12. Asistir ás reunións, entrevistas ou actos procesuais aos que se lle convoque.
13. Asegurar a custodia e arquivo de toda a documentación relativa aos NNA en condicións de seguridade, así como a súa destrución, cando proceda, en idénticas condicións.
14. Velar polo cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.
15. Elaborar avaliacións periódicas do funcionamento do centro.
16. Calquera outra que veña establecida tanto na normativa aplicable como no regulamento marco de organización, funcionamento e convivencia de centros de acollemento residencial.

B. Persoal educador social

O persoal educador social debe cumprir as disposicións establecidas para esta categoría no convenio



colectivo de aplicación.

Este persoal será o encargado da atención directa aos NNA e estará dedicado á intervención no proceso socio-educativo cotián e á súa observación e avaliación.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

1. Elaborar e levar a cabo os PEI dos NNA tendo en conta as súas familias, segundo os PIP e as pautas fixadas polo ETM do Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade.
2. Elaborar proxectos específicos, dentro da programación anual de actividades, en función das necesidades dos NNA, para a realización de actividades educativas, formativas, laborais, sanitarias, de lecer ou tempo libre.
3. Realizar tarefas de intervención educativa cos NNA e as súas familias, sendo o responsable da formación integral e globalizadora do grupo de NNA ao seu cargo.
4. Levar a cabo a acollida dos NNA nun clima axeitado, que lle ofrezca seguridade e lle facilite a súa adaptación a un novo contexto de convivencia. Esta acollida realizarase preferentemente contando coa presenza do persoal educador-titor do NNA.
5. Organizar a vida cotiá e velar pola adecuada cobertura das necesidades básicas dos NNA acollidos no centro, sexan estas de carácter físico, emocional, educativo e/ou de lecer, atendendo ás súas necesidades de alimentación, hixiene, vestido, apoio escolar, desprazamentos, entre outros.
6. Realización, acompañamento e orientación ao NNA nas xestións administrativas necesarias para completar a documentación así como asegurar a súa correcta incorporación aos ámbitos educativo, sanitario, laboral, etc., en coordinación cos equipos técnicos do menor.
7. Acompañar, orientar e educar aos NNA no seu proceso de maduración e de desenvolvemento de hábitos e habilidades persoais e sociais: hábitos de hixiene, alimentación e saúde, así como habilidades sociais, promovendo o desenvolvemento integral da súa personalidade.
8. Garantir a participación dos NNA, en función da súa idade e capacidade, na elaboración e seguimento do seu proxecto educativo individual, así como na planificación e desenvolvemento de actividades.
9. Asegurar o cumprimento da normativa do centro por parte dos NNA.
10. Orientar e acompañar ao NNA ante a saída do centro para lograr unha axeitada transición deste ao contexto no que se integrará.
11. Contribuír de forma activa ao mantemento da seguridade e a orde do centro e supervisar e dar resposta ante posibles emerxencias.
12. Elaborar todos os informes, documentos e rexistros que lle estean atribuídos na normativa vixente, así como os que lle sexan requiridos acerca dos NNA ao seu cargo pola entidade pública competente en materia de protección á infancia e adolescencia.
13. Asistir ás reunións, entrevistas ou actos procesuais aos que se lle convoque.
14. Manter relación e fomentar a coordinación cos axentes sociais e os demais profesionais relacionados cos NNA atendidos.
15. Coordinarse cos familiares, entidades mediadoras das súas familias ou persoas relevantes do NNA de idade.
16. Calquera outra que veña establecida tanto na normativa aplicable como no regulamento marco de



organización, funcionamento e convivencia de centros de acollemento residencial.

C. Outro persoal

O centro disporá de persoal de apoio doméstico e de servizos para a realización de tarefas tales como cociña, limpeza, transporte, mantemento, seguridade e outras, de conformidade co estudo de custos que recolle os gastos estimados necesarios deste tipo de persoal para proporcionar esta atención.

4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

4.1. Por parte da Consellería de Política Social e Igualdade

4.1.1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou ás unidades dela dependentes:

- Ditar as instrucións e desenvolver os protocolos de actuación xeral nos centros de acollemento residencial.
- Autorizar a sobreocupación de prazas, de forma temporal e en situacións excepcionais, segundo se establece no apartado 5 deste prego.
- Autorizar o ingreso dos NNA nun centro situado nunha provincia distinta á que lle corresponde ao ETM que realiza a proposta.
- Autorizar o pagamento de gastos extraordinarios que excedan das obrigas que lles corresponden aos centros en aplicación dos pregos que rexen esta contratación ou a normativa vixente.
- Autorizar a realización de estudos ou investigacións relativas a NNA usuarios do centro ou ao funcionamento deste, cando se considere que pode redundar no interese daqueles e/ou na mellora da práctica institucional, así como garantir en todo caso a confidencialidade dos datos persoais dos NNA.

4.1.2. De conformidade coas súas competencias, correspóndelles ás persoas titulares dos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade o seguinte:

- Ditar a resolución de acollemento residencial ou de atención de día dos NNA a proposta do ETM, que deberá ter en conta as necesidades e o exercicio de dereitos do NNA e as características das prazas do centro de collida.
- Establecer o réxime de visitas e saídas do NNA en función do PIP, así como emitir autorización sobre a súa mobilidade con ocasión destas, logo de petición da dirección do centro e informe do ETM que lle corresponda.
- Ditar a resolución de traslado do NNA a outro centro, logo da proposta do ETM e, se é o caso, de autorización da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.
- Ditar a resolución de finalización do acollemento residencial ou da atención de día, a proposta do ETM, que oirá previamente a entidade concertada acerca da conveniencia desta medida para os NNA.

Esta resolución fundamentarase na superación ou desaparición das causas que motivaron o ingreso, no



seu falecemento, na emancipación do mozo ou moza ou na adopción dunha medida alternativa máis axeitada.

4.1.3. Correspóndelle aos Equipos Técnicos do Menor do Departamento Territorial correspondente:

- Remitirlle ao centro o PIP do NNA, no que se definan os obxectivos de traballo en función das necesidades, exercicio de dereitos e circunstancias daquel e da súa familia, de forma que oriente ao equipo educativo na planificación da súa intervención educativa.
- Planificar xunto coas persoas responsables do centro tanto o ingreso como a saída dos NNA, agás que razóns excepcionais aconsellen o ingreso ou saída urgente.
- Levar a cabo o seguimento da intervención educativa realizada polo centro.
- Transmitirlle ao centro toda aquela información relevante para que a intervención educativa poida orientarse á satisfacción das necesidades do NNA en función das súas circunstancias.

4.2. Por parte da entidade adxudicataria do servizo:

Ademais das obrigas indicadas na convocatoria deste concerto social, a empresa ou entidade adxudicataria deberá:

- Asumir os ingresos ordenados polo Departamento Territorial correspondente ou pola Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, sempre que exista praza vacante ou, no caso de sobreocupación, que exista dispoñibilidade de medios persoais e materiais para a axeitada atención do NNA nas condicións estipuladas neste prego e no de cláusulas administrativas particulares.
- Desenvolver a súa intervención en interese do NNA e de conformidade co establecido na normativa reguladora da protección á infancia.
- De acordo co disposto na Orde da Consellería de Familia, Muller e Xuventude do 1 de agosto de 1996, pola que se regulan os contidos mínimos do regulamento de réxime interior e o proxecto educativo dos centros de atención a menores, e cos protocolos vixentes de funcionamento de centros de acollemento residencial, organizar a actividade do/s centro/s de acordo cos seguintes instrumentos:
 - Proxecto Educativo do/s centro/s, no que se especificarán os obxectivos de actuación en cada área de atención e as condicións ou medidas que deben cumprirse no centro para a consecución dos obxectivos que se mencionen. Reflectirá a súa organización e delimitará a súa intervención.
 - Regulamento de organización e funcionamento e convivencia que deberá contar como mínimo con normas de funcionamento, dereitos e deberes das persoas usuarias e órganos de representación e participación e plan de formación.
 - Programación anual de actividades, que ten por obxecto estruturar e sistematizar as previsións de actuacións ao longo do ano.
 - Memoria anual, na que se sinteticen e avalíen as actividades levadas a cabo no/s centro/s no período anterior.
- Promover no/s centro/s un ambiente familiar e coas condicións axeitadas para a intervención socioeducativa e o normal desenvolvemento dos NNA.



- Utilizar os recursos sociais normalizados: educación, sanidade, lecer e outros necesarios para a cobertura das necesidades dos NNA, e que contribúan a unha maior integración social destes.
- Favorecer o traballo en rede a través da coordinación entre os distintos recursos e profesionais que interveñan co NNA ou coa súa familia de cara á consecución dun traballo integrado.
- Elaborar e remitirlle ao ETM toda a documentación necesaria para o seguimento da intervención e en particular:
 - Un informe de valoración inicial logo da súa entrada no centro e segundo o prazo establecido nos protocolos de acollemento residencial.
 - O PEI, no que, partindo da avaliación inicial das necesidades do NNA e de acordo coa finalidade do PIP, se concreten os obxectivos prioritarios do traballo e a súa programación formal, cos recursos previstos, a metodoloxía, as actividades e a súa temporalización, que será revisado semestralmente en caso de NNA de máis de seis anos e trimestralmente en caso de menores de tres anos.
 - Os informes periódicos de seguimento do PEI realizaranse diferenciando por idades, segundo o prazo establecido nos protocolos de acollemento residencial e cando menos, cada seis meses.
 - O informe final que recolla as intervencións realizadas e o grao de cumprimento dos obxectivos, á saída do NNA do centro.
- Remitir nun prazo non superior a 48 horas calquera información que lle sexa solicitada polos servizos competentes en materia de protección á infancia e adolescencia.
- Comunicarlle ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica do Departamento Territorial que corresponda calquera incidente grave de tipo xudicial, sanitario, ou de calquera outra índole que poda ser relevante no seguimento e intervención co NNA ou a súa familia, por rexistro electrónico nun prazo non superior a 48 horas.
- Formalizar denuncia ante os corpos e forzas de seguridade en caso de desaparición ou non retorno dunha persoa ao centro, no prazo máis breve posible atendendo á idade, madurez e circunstancias persoais e sociais do NNA, sen prexuízo da inmediata comunicación ao ETM e á persoa titular da Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Aceptar, logo de autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, alumnado universitario en prácticas de titulacións que teñan relación co obxecto do servizo, sempre que o número ou as condicións da súa realización non interfiran na dinámica de traballo.
- Aceptar, logo de autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a realización de estudos ou investigacións relativas ás persoas usuarias do centro ou ao funcionamento deste, sen prexuízo do dereito a que non se divulguen os datos ou documentos que a entidade considere que deben ser confidenciais.
- Incorporar e empregar as aplicacións informáticas que, se é o caso, facilite a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para o tratamento e xestión da información relativa aos NNA, ou ben adaptar as súas propias de xeito que sexa posible o acceso á información en idénticas condicións.
- Os centros terán unha organización flexible, que permita atender ás necesidades dos NNA e incorpore a súa estrutura os cambios necesarios para manter actualizado o proxecto educativo



do centro.

5. SITUACIÓNS EXCEPCIONAIS

- Atención urgente: En casos excepcionais derivados de circunstancias socio-familiares graves, que requiran unha atención inmediata do NNA, cando non sexa posible o seu ingreso nos centros previamente determinados para estas circunstancias, o Departamento Territorial ou a Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia poderán acordar un ingreso con carácter urgente, efectuándose con posterioridade, á maior brevidade, a formalización deste e a remisión da documentación e informes necesarios.
- Sobreocupación provisional de prazas: A Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia poderá autorizar, de xeito excepcional, un ingreso que supoña sobreocupación respecto das prazas concertadas en calquera das tipoloxías concertadas, sempre que se garanta a dispoñibilidade de medios persoais e materiais para a axeitada atención do NNA. A sobreocupación non poderá ser superior a 3 meses, agás causas que o xustifiquen, logo de informe do ETM.

6. RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A ENTIDADE ADXUDICATARIA.

Estableceranse accións de coordinación a varios niveis:

- Co ETM do Departamento Territorial á que corresponda o caso. Debe coordinarse coa entidade adxudicataria para a planificación e avaliación dos casos derivados a este programa.
- Coa Xefatura de Servizo dos Departamentos Territoriais correspondentes a cada caso.
- Co Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, como unidade competente para realizar o seguimento e a avaliación deste programa.

Ademais a entidade concertada comprométese a estar a disposición da Administración concertante para cantas reunións sexan necesarias para a execución deste programa.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

Jacobo Rey Sastre

